



A FOTOGRAFÍA COMO NEXO DE UNIÓN ENTRE O CASTRO DE VILADONGA E AS PARROQUIAS DA CONTORNA

María de los Ángeles López Carballo

DEFINICIÓN

Fotografía: “Arte e ciencia consistente en obter imaxes visibles dun obxecto e de fixalas sobre unha capa material sensible á luz. É a reprodución por medio de reaccións químicas, en superficies convenientemente preparadas, das imaxes recollidas no fondo dunha cámara escura”. Esta é unha das múltiples definicións de fotografía que se poden atopar nos dicionarios de uso cotián, non obstante, eu prefiro entender a fotografía como mecanismo empregado polo home para asir anacos dunha vida pasaxeira, perecedoira e irrepertible. A fotografía analóxica conxela en papel eses fragmentos da existencia e permite lembrar como eramos, dando paso, en ocasións, á nostalgia por eses tempos pasados que non volverán, e noutras, a ter presentes e aprender dos erros cometidos.

OBXECTIVOS

Na reunión anual da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga que tivo lugar a principios de 2008 acordouse, como unha das actividades que se habían de realizar, a recollida de orixinais de fotografías nas parroquias dos arredores para proceder ao seu escaneado, a fin de obter unha copia dixital e evitar a desaparición deses anacos documentais da historia das nosas xentes e, por tanto, da historia mesma da comarca e de Galicia no seu conxunto.

San Martiño de Goberno e Ansemar serían as primeiras parroquias onde levar a cabo o proxecto. A idea resultou atraínte e o fin primordial era recuperar todos eses recordos en papel, polo tanto delebles, que con tanto agarimo se conservan como se foran os máis

prezados tesouros. E pódese dicir que, non sen acerto, se consideran como tales, dado que efectivamente gozan dun valor incalculable precisamente na era da fotografía dixital, onde a maioría dos retratos e imaxes fotográficas pasan a formar parte dun arquivo de ordenador sen ver nunca a luz e sen alcanzar endexamais o contacto cun elemento alcalino redutor que permite a transformación do negativo, produto da técnica do revelado, en imaxe positiva.

A proposta foi incluída, polo tanto, no programa de actividades e acollida con ilusión por diversos membros da Asociación que comezaron a levar a cabo unha tarefa que, dende un principio, se proxectaba como de longa duración no tempo e de duro esforzo para os partícipes ao ter que afrontar diversos obstáculos, como podían ser, en primeiro lugar, tratar de implicar a xente nun proxecto do que formaban parte esencial, facéndolles ver a importancia de todos eses recordos que con tanto agarimo conservaban nos chineiros dos comedores ou nalgún armario das habitacións; en segundo lugar, a escaseza de recursos humanos para emprender tan ardua tarefa, xa que se ofreceron persoas con ocupacións alleas dispostas a dedicar horas extraordinarias ao que consideran un labor en prol da etnografía local e xeral; en terceiro lugar, a lentitude da recollida que esixe, nesta primeira fase, un traballo de campo moi minucioso acudindo a cada unha das casas das parroquias para falar coa xente e eliminar as primeiras e lóxicas desconfianzas ante un repentino interese e posta en valor daquelas imaxes que forman parte do máis íntimo das familias. Ben é certo que a acollida está sendo en xeral moi cordial, e non deixa de poñer de manifesto que non desapareceu de todo a proverbial hospitalidade do mundo rural, polo menos cos coñecidos. A visita a

cada casa vai acompañada da obriga de tomar algo coa familia mentres se conversa.

Ese traballo vai despois seguido doutro de escaneado exhaustivo do material achegado, seguindo indicacións de expertos na materia como César Llana Rodríguez, cunha longa traxectoria neste ámbito da etnografía realizada dende o Museo de Ribadavia.

O traballo de escaneado permite fixarse en todos os detalles relevantes do material achegado, xa sexa en álbum, caso no que se procede á súa reprodución, exterior e interiormente, para observar a orde na que foron colocadas as fotografías polos seus donos e para, como asegura César Llana, poder captar a idea do dono que, se puxo as imaxes dun xeito e non doutro, sería por algún motivo. No caso de material entregado en álbum, do mesmo xeito que ocorre co resto das fotografías entregadas por separado, escanéase tamén imaxe a imaxe para garantir unha alta resolución de cada unha delas. Efectúase o copiado por diante e por detrás, no caso de que exista algún elemento que haxa que destacar como o formato de tarxeta postal, cuños dos fotógrafos ou datas impresas das fotografías. Non resultan estrañas as inscricións, normalmente a pluma, no reverso das fotografías dirixíndoas a un destinatario, familiar, noivo ou noiva, en caso de atoparse desprazado, na maioría dos casos pola mili, a guerra ou a emigración. No anverso tamén se efectúa o estudo de sinaturas en relevo dos fotógrafos que permiten analizar a evolución destes distintivos ao longo do tempo.



Un dos cuños empregados polo fotógrafo



Foto formato postal escrita o 18 de maio de 1920

Resulta curioso na fotografía da esquerda a referencia a Villadonga (*sic.*), ao tratarse unicamente dunha aldea limítrofe e non do concello ou unidade territorial superior. Noutra serie de cuños do mesmo fotógrafo xa non aparece, simplemente se reflicte Ansemar (Lugo).

RESULTADOS DA PRIMEIRA FASE

Nesta primeira fase, só en Goberno fixéronse un total de 429 anotacións na base de datos do arquivo fotográfico e un total de 683 escaneos polo motivo anteriormente indicado de que cada fotografía resulta interesante para o estudo pormenorizado de distintos elementos. Os resultados foron alentadores dado que se obtiveron imaxes dun destacado valor etnográfico, algunhas de traballos (non moi abundantes dado que ao non existir cámaras fotográficas, polo xeral, nas casas aproveitábase para facer as fotos nas feiras, nas festas ou cando viña algún parente ou veciño emigrado que xa chegara a adquirir unha máquina de retratar), fotos de estudio de parentes dende o alén dos mares para que visen os que quedaban na terra o ben que lles ía no país de acollida, interesantes tamén polos decorados empregados, a posición da xente e sobre todo por permitir efectuar a comparativa coas fotos feitas aquí, dos que quedaban na aldea, para remitir aos que marcharan en busca de fortuna cara a Arxentina e Cuba maioritariamente; fotos de escola, de primeiras comunións, de vodas e as máis curiosas, polo cambio na tradición, de enterros e funerais. Pode verse como se foi deixando o costume de retratar os mortos no cadaleito, ou como se ofrecían cestas de comida aos asistentes ao funeral unha vez rematado o acto relixioso.



Foto da limpeza do trigo coa máquina de Edelmiro de Valente.



Foto da nai e fillo de Goberno



Foto enviada por familiares emigrados



Veciños de Goberno na Santa Mariña de Ramil

Todas e cada unha das imaxes recompiladas teñen, intrínseca, unha gran importancia para observar a evolución da paisaxe, da vestimenta, do folclore, da composición das familias... Permiten constatar curiosidades tales como que as nenas levaban calcetíns ata unha determinada idade, e só vestían medias cando pasaban xa a ser mociñas; como se desprazaban os rapaces e rapazas de cada parroquia xuntos ás festas ou como acudían en colectividade ás romarías típicas da zona, como é o caso da Santa Mariña de Ramil (da que existen múltiples constatacións fotográficas nas casas obxecto da recollida); como, nalgunha época, concretamente polos anos sesenta, era típico que se fixese unha chocolatada na escola para todos os nenos pola primeira comunión. Tamén se pode analizar a evolución da escola, xa que existen fotos dos grupos coas distintas mestras que lles impartiron a ensinanza primaria e incluso das familias que acollían nas súas casas a algunhas destas ensinantes, todas elas mulleres. Permiten coñecer o derradeiro grupo de alumnos que asistiu á escola unitaria de Goberno e o primeiro que acudiu, con posterioridade á súa clausura, á escola de Quintela, por estar máis próxima ca de Balmonte.



Alumnos de Goberno coa mestra en Ameixide

As mesmas fotos permiten determinar a xenealoxía das familias e pódense constatar as múltiples relacións de parentesco existentes entre as distintas casas da parroquia, froito de etapas históricas onde os desprazamentos eran difíciles e acabábase producindo o inevitable cruzamento sanguíneo. Tamén neste punto se pode ver unha forte evolución ata chegar á situación actual.

Cabe destacar tamén que toda esta riqueza fotográfica non constitúe só un inmenso patrimonio material, senón tamén unha gran riqueza inmaterial derivada da recollida de todas as historias contadas pola xente relacionadas coas fotos e incluso con cousas que están fóra do obxectivo da cámara pero directamente relacionadas con elas. Mencionemos, por exemplo, a anécdota ofrecida por D. Edelmiro García Pérez respecto da súa amizade co fotógrafo Iravedra, veciño da parroquia (Ansemar): cando ía algún grupo de mozos de festa, Edelmiro animaba a xente a que deixasen que o compañeiro os fotografase. O trato era que Edelmiro recibía gratis as fotos de grupo nas que el aparecía e o fotógrafo vendíallas ao resto dos retratados. Dese xeito os dous gañaban!. (E grazas a eles, hoxe gañamos todos.)

Cómpre salientar tamén entre as anécdotas desta primeira fase da recollida como, en todas as casas visitadas, se atopou unha foto en formato postal dirixida polo que foi crego de Goberno, Ansemar e Balmonte, José Sánchez Pillado (D. Pepe para os veciños), onde aparece o seu retrato no lado superior esquerdo e a foto do navío *Pedro de Alvarado*, -un buque-escola da mariña mercante no que embarcou como capelán

aló polo ano 1965- e, no reverso, unha carta dirixida a cada familia. Todas son distintas, cheas de agarimo cara aos destinatarios pero onde tamén se reflicte a preocupación do que marcha pola situación de atraso da aldea e manifesta desexos de que melloren os camiños e se modernice a agricultura para paliar o esforzo que supuña naquela época. Sinal das súas inquiredanzas polo progreso do mundo rural é que este cura mercara un tractor a medias co veciño Francisco Fórneas Uz, que era quen traballaba con el para fóra, con fins non só económicos, senón de ir introducindo novos xeitos de labrar as terras.



Fotografía en formato postal remitida polo crego D. José Sánchez Pillado

Pódese observar nalgunha das fotografías recollidas a chegada das cores, combinadas dun xeito modesto, co predominio do branco e negro. Tamén algunha delas se puido datar de forma exacta (unha das circunstancias máis complicadas porque a xente, aínda que adoita lembrar as historias paralelas ao momento de obtención da fotografía, na maioría dos casos a data é aproximada) grazas á anotación feita no encerado da escola, no que a mestra, como cada día, fixera constar ao chegar á aula o día, mes e ano correntes.



Chegada das primeiras cores á vexetación



Cor verde para o castiñeiro, pero aínda non para a herba



No encerado aparece escrito con xiz: "Goberno-6-junio-1958"

Finalmente, cabe salientar a importancia de todas estas fotografías como elemento de conexión entre o museo e as parroquias da contorna. As xentes séntense partícipes do labor do Museo e parte viva del. Quizais este sexa un dos principais obxectivos para min como membro da directiva da Asociación: facer que as familias sintan o Museo e o Castro de Viladonga como parte das súas vidas e, á inversa, elas mesmas se decaten de que son parte imprescindible neste conxunto patrimonial.

BIBLIOGRAFÍA

DIMAS, Ramón: *As fotografías de Galicia*. Edición: Xunta de Galicia. Servicio Central. 2000.

LIRA POUSA, L.; LLANA RODRÍGUEZ, C.; CASTRO RAMIL, B.: *Álbums para o reencontro. Ribadavia e os Ribadavienses III*. Edición: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. 2005.

SENDÓN TRILLO, Manuel: *Imaxes na penumbra. A fotografía afeccionada en Galicia*. Vigo. Edicións Xerais de Galicia. 2008.

Imaxes de Galicia: Fotografía etnográfica (Homenaxe a Xaquín Lourenzo). Catálogo da Exposición. Arquivo do Reino de Galicia / Museo Etnolóxico de Ribadavia, maio-outubro de 2004. Edición: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. 2005.

A terra e os homes. Fotografías de Walter Ebeling (1928-1933). Edición: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo. 2003.

Páxina Web: www.fundacioncaixagalicia.org.
Exposición Ruth Matilda Anderson. Unha mirada de antano. Data de acceso: 15-09-2009.